

FOLGA 21-O

PORQUÉ VAI Á FOLGA O SECTOR CIENTIFICO E UNIVERSITARIO

Nos derradeiros anos e moi particularmente nos últimos meses, a clase traballadora estamos a vivir nunha situación de aumento na precariedade das nosas condicións laborais, en xeral, e no mundo universitario e na investigación en particular. A COVID19 ten acelerado este proceso, outorgándolles á patronal das universidades e dos centros de investigación unha oportunidade de ouro para devaluaren, aínda máis, as condicións laborais daquelas persoas que traballamos para facermos posible o seu funcionamento.

A nosa incapacidade coma traballadoras para organizar unha resposta contundente no período de confinamento e a posterior volta á “normalidade” traducíuse nun despotismo desmedido polo que fai ós Equipos de Goberno e ás institucións. Por poñer un exemplo; en moitas universidades non se ten contado coas traballadoras no que fai ás condicións da volta ó traballo e se teñen supeditado negociacións por non seren estas “prioritarias”. A máis, nunha situación na que precisamos, coma sociedade, de máis profesionais para aseguraren a saúde, literal e figuradamente, do sistema universitario e de investigación, afóndase aínda máis na precariedade non renovando contratos e xestionando o teletraballo dun xeito nos que se borran os lindes da xornada laboral.

É por esta razón que consideramos que, agora máis que nunca, **rematouse nos o tempo**. Non somos quen de ter máis paciencia, urxe confrontar abertamente a xestión do capitalismo dun sector científico e universitario que só entende a formación e máis a investigación coma unha simple mercadoría coa que xeraren rédito económico.

Así pois, as graves problemáticas do mundo da investigación e máis da universidade seguen hoxe tan vixentes coma antes da pandemia. Séguense a producir **contratacións en fraude de lei e precarias** (coma no caso do profesorado asociado) nos centros públicos. **Non houbo ningunha mellora no tocante ás demandas de estabilización** nin do PDI nin do PAS. Os **servizos básicos** das universidades e centros de investigación (cafeterías, limpeza, etc.) **continúan privatizados**. Cada día **afóndase máis na xerarquización académica**, rompendo co principio de “igual traballo, igual salario”. A universidade, lonxe de seren pública e de balde, **mantén elevados prezos de matrícula e máis de taxas** que fan fóra desta ó alumnado de procedencia obreira e popular. Os **criterios de avaliación seguen a fomentar un modelo competitivo** que, xunto coa **precariedade**, xeran un excelente contexto para o fraude científico e os **trastornos psicolóxicos**.

A LOITA É O UNICO CAMIÑO. O 21 DE OUTUBRO VÉMONOS NAS RÚAS

FOLGA 21-O

Nesta situación, a nosa proposta é clara e non é outra que a dun modelo de investigación e Universidade público, ó servizo das necesidades da clase traballadora e non do capital. Por todo isto, propoñemos:

- 1. Erradicar ó intervencionismo do Capital no sistema universitario e na investigación.** Os modelos curriculares e de investigación non deben de variar en función do interese do capitalismo. É por iso que temos que desenvolver un **sistema de financiación totalmente público** e controlado por aqueles que fan funcionar a universidade e os centros de investigación; investigadoras, técnicas, profesorado, PAS e estudantes.
- 2. Rematar co obsoleto sistema de bolsas. A universidade ten que ser totalmente de balde** e, polo tanto, sen condicionantes.
- 3. Eliminar a contratación en fraude de lei e a xerarquización, así como asegurar a estabilización do persoal e a creación dun corpo único de profesorado.** Á máxima "a igual traballo, igual salario" nós engadimos "e igual capacidade de decisión". Só tomando o control das decisións que se adoptan nos centros de investigación e universidades conseguiremos que estas deixen de estar controladas por axentes externos.
- 4. Desenvolver un modelo de conciliación persoal e doméstica** que permita rematar co dilema de "ou carreira profesional ou curas familiares/ domésticas".
- 5. Pór fin ás subcontratacións** nos servizos básicos e adoptar un modelo de contratación directa.
- 6. Mudar os criterios de avaliación** para fomentar a cooperación, no sitio da competencia, así como para poder facer visible todo avance nun formato de "Open Access" (libre acceso) que non comporte o transvase de fondos públicos ás editoriais privadas.
- 7. Reorientar as políticas** nas Universidades e Centros de Investigación **no contexto da COVID19, e pór por diante a saúde** das persoas que estudan e traballan nestes espazos.

Estas son só algunhas das demandas máis inmediatas e urxentes que temos. En definitiva, sobran os motivos para se organizar. Sobran os motivos para que os diferentes estamentos nos que nos teñen dividido para atomiza-las loitas nos unamos, sobran os motivos para pasaren á ofensiva.

É por todo isto que este 21 de outubro, chamamos a todo o persoal das universidades e centros de investigación á folga.

✉ cgt_investigacion_universidades@riseup.net



@cgtinvuni

SÓ O POBO SALVA Ó POBO, Á FOLGA!